

# IES CIDADE DE ANTIOQUÍA

# ABAU 2024

## PREMATRÍCULA NO CENTRO:

16 ao 20 de maio (para convocatoria ordinaria)  
 13 ao 17 de xuño (para convocatoria extraordinaria)  
<https://ciug.gal/gal>

### 1. Pagamento Taxas do título de Bacharelato (54€\*)

Cúbrese o impreso e págase no banco (Banco Santander ou Abanca). Entregarase no centro unha copia do xustificante de pago.

\* Familia num.- Categoría Xeral: 27,03 €  
 Fami. num. categoría especial: 0 €  
 Este alumnado debe presentar no centro a copia do carnet de familia numerosa para comprobar a taxa.

Formulario de pago de taxas do título de Bacharelato. Inclúe campos para datos persoais, datos académicos e un recibo de pago con un símbolo de Euro e o importe a ingresar.

### 2. Pagamento Taxas das ABAU (63,67 €\*)

Pode facerse de xeito telemático ou pagando directamente no banco. Recoméndase pago directo: Cúbrese o documento de taxas e faise o pago no Banco (Banco Santander ou Abanca). Fotocópiase 2 veces; unha copia é para o interesado/a e a outra entregarase no instituto.

\* Familia numerosa - Categoría Xeral 31,84 €  
 Familia numerosa - Categoría Especial 0 €  
 Persoas con discapacidade (>= 33%), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero e persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital. 0 €  
 Persoal das Universidades do SUG 0 €

Formulario de matrícula das ABAU. Inclúe datos persoais, datos académicos e un recibo de pago con un símbolo de Euro e o importe a ingresar.

### 3. Cubrir impreso de matrícula das ABAU

Cúbrese o impreso de matrícula coa indicación das materias das que se desexa examinar, entégase cuberto no instituto.

Formulario de matrícula das ABAU. Inclúe datos persoais, datos académicos e un recibo de pago con un símbolo de Euro e o importe a ingresar.

Formulario de códigos de matrícula das ABAU. Inclúe datos académicos e un recibo de pago con un símbolo de Euro e o importe a ingresar.

Formulario de base de cálculo das ABAU. Inclúe datos académicos e un recibo de pago con un símbolo de Euro e o importe a ingresar.

4. Copias do DNI. Entregarase no centro 2 fotocopias do DNI (a fotocopia debe ser na mesma páxina as 2 caras do documento)

# ABAU 2024

## Exames

Lugar: Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. Campus Universitario As Lagoas. Ourense.

Convocatoria ordinaria: 4, 5 e 6 de xuño.

As cualificacións obtidas faranse públicas en Nerta o día 13 de xuño, a partir das 20.00 horas.

Convocatoria extraordinaria: 2, 3 e 4 de xullo

As cualificacións obtidas faranse públicas en Nerta o 11 de xullo para a Extraordinaria a partir das 20.00 horas.

A AVALIACIÓN CONSTARÁ DE:

- 5 MATERIAS TRONCAIS (parte obrigatoria) e
- UN MÁXIMO DOUTRAS 4 PARA SUBIR NOTA (parte voluntaria).

### MATERIAS PARTE OBRIGATORIA:

1. Lingua Galega e Literatura II
2. Lingua Castelá e Literatura II
3. Primeira Lingua Estranxeira II
4. *Historia de España* ou *Historia da Filosofía*.
5. Materia específica obrigatoria da modalidade:  
*Latín II/ Matemáticas aplicadas (Humanidades e C. Sociais)*  
*Matemáticas II/ Matemáticas Aplicadas (Ciencias e Tecnoloxía)*  
*Debuxo artístico II/ Análise Musical II/ Artes escénicas (Artes)*  
*Ciencias Xerais (Xeral)*

### MATERIAS PARTE VOLUNTARIA

Cada alumno/a poderá examinarse dun máximo de catro materias.

Ponderarán 2 materias, aquelas nas que mellor nota se obteña, sempre e cando esta sexa superior a 5.

Ademáis, para mellorar a nota de admisión tamén se terá en consideración a cualificación obtida na fase obrigatoria na materia específica obrigatoria de cada modalidade, sempre que a cualificación conseguida nesta materia correspondente sexa igual ou superior a 5 puntos.

### APLICACIÓN NERTA

(<http://www.edu.xunta.es/nerta/>)

No momento da matrícula no centro, xerarase unha solicitude de conta de usuario para poder acceder a nerta, automaticamente. Recibirás na túa conta de correo electrónico o código necesario para activar a conta de usuario e información cos pasos a seguir para completar a activación da mesma.

Todas as contas de usuario de nerta xestionaranse de maneira independente na aplicación

<https://www.edu.xunta.es/contausuario>, nesta aplicación podes activar a conta, cambiar o contrasinal, desbloquear a conta, etc...

Unha vez teñas activada a túa conta, para entrar na aplicación introduce o teu usuario (ueXXXX) e contrasinal.